



Ilmo Concello de CAMBADOS (Pontevedra)

## INFORME DE SECRETRÍA

### **Asunto: Borrador do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambados para a xestión e financiamento do Centro de Día do Concello de Cambados.**

Presentado borrador do convenio citado *ut supra* compre facer as seguintes apreciacións:

**Primeira.-** O Pleno do Concello de Cambados en sesión celebrada o 31 de marzo de 2016 acordou:

“Primeiro.- Aprobar a integración do Concello de Cambados no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a sinatura do correspondente convenio de integración.

Segundo.- Aprobar os Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG do 7 de xullo de 2006).

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cambados para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes para a formalización e desenvolvemento da incorporación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Cuarto.- Designar como representante do Concello nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a Constantino Cordal Rodríguez, Concelleiro de Servizos Sociais do Concello de Cambados.”.

Tal e como se informou dende secretaría o 28 de marzo de 2016 “...*Noutro eido citar que o artigo 26 dos estatutos establecen que constitúen o patrimonio do consorcio os bens e os dereitos que acheguen as entidades consorciadas (no acordo non se achega ben ningún, que non obstante debería ser obxecto de acordo plenario de cesión, tal e como indica o regulamento de bens das corporacións locais e a lexislación patrimonial tanto estatal como autonómica).*

*No tocante aos recursos económicos veñen definidos nos artigos 27 e 28 dos estatutos sen que no acordo se especifique nada neste senso. Caso de aportación debe informar a intervención sobre este aspecto...”.*

Así pois o concello de Cambados non se comprometeu en dito acordo a facer aportación económica para o financiamento de ningún servizo, nin á cesión de ningún ben (consta no convenio que dito inmovible foi adscrito ao Consorcio con data de 15 de agosto de 2016, ao abeiro da Orde da Consellería de Facenda e afectado á finalidade de Centro de Día).

**Segunda.-** No borrador do Convenio, concretamente na cláusula primeira, establécese que o obxecto do convenio é establecer o marco de colaboración para asumir a xestión e financiamento de servizo do Centro de Día do Concello de Cambados definido no anexo I, e asume de conformidade co previsto no apartado b) da cláusula terceira a obriga de contribuir ao financiamento dos gastos de



## Ilmo Concello de CAMBADOS (Pontevedra)

funcionamento do centro (capítulo I a IV) para o cal transferirá anualmente ao Consorcio, durante todo o período de vixencia do convenio un importe de 2.500 euros/ano por cada unha das prazas ocupadas por persoas usuarias do Centro de Día **empadronadas no Concello de Cambados** (no caso de que o Concello asuma algún gasto de mantemento dita cantidade xustificada descontarase do importe anteriormente descrito).

Ainda que a cantidade a aportar está xustificada como se comentará non se sabe quen financiará aos usuarios que non estean empadroados no Concello de Cambados a non ser que se asinen convenios cos Concellos nos que estean empadroados os outros usuarios (lembrar que o artigo 5.2.b do Regulamento de réxime interno dos Centros de Día non esixe como requisito para o ingreso estar empadroadado en Concellos que pertencen ao consorcio). A cantidade de 2.500 euros ven establecida no apartado II do Anexo I da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación que literalmente dí o seguinte:

“Para establecer la participación de los ayuntamientos en la cofinanciación de los centros de día situados en su término municipal, se estima el coste de dichos servicios en 7.500 € plaza/año. Dentro de dicha cuantía se fija una aportación municipal de 2.500 € plaza/año, correspondiente a una tercera parte.

Para el cálculo anterior se tendrán en cuenta únicamente los usuarios empadronados en el ayuntamiento donde se ubica el centro de día. A efectos del cómputo se tendrá en cuenta la media de usuarios durante el año natural inmediatamente anterior a la fecha de liquidación.”.

Por outra banda o artigo 20 do Regulamento de réxime interno dos Centros de Día establece que o centro de día financiarase con recursos xerais do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, **coas achegas, no seu caso**, do Concello no que se ubica o Centro e cos prezos públicos que aboarán as persoas usuarias (As cantidades que aportan os usuarios esíxense en base ao IPREM mensual).

**Terceira.**- Para cumprir co convenio e dado que as liquidacións realízanse unha no primeiro semestre e outra no segundo entendo que o Concello non terá que aportar cantidade alguna neste exercizo orzamentario, debendo non obstante adquirir un compomiso de aportación para exercizos futuros debendo consignar no capítulo IV a cantidade de 100.000,00 euros (cantidade máxima se se cubren as 40 prazas e todos os usuarios están empadroados no Concello de Cambados).

Pronunciamento da Parte dispositiva:

Non existe impedimento para a aprobación do convenio polo Pleno entendendo que o mesmo é correcto dende un punto de vista xurídico. Non obstante debe informar a intervención municipal sobre o aspecto económico.

En Cambados. O Secretario Xeral. Documento asinado electrónicamente.